

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS) E A ESCOLA SUPERIOR DE SAÚDE CRUZ VERMELHA PORTUGUESA-ALTO TÂMEGA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DA TITULACIÓN DE LICENCIATURA EN IMAXE MÉDICA E RADIOTERAPIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 12.06.2024, coa Escola Superior de Saúde Cruz Vermelha Portuguesa-Alto Tâmega o instrumento convencional arriba referido, que terá unha vixencia de catro anos a contar desde o día seguinte da súa sinatura. Non obstante, as partes de mutuo acordo, poderán acordar a súa prórroga, mediante a formalización do correspondente acordo que deberá ser subscrito con anterioridade á data do vencemento do convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para a adecuada planificación, desenvolvemento e avaliación dos programas de prácticas a través dos que os/as estudantes da licenciatura en Imaxe Médica e radioterapia da Escola Superior de Saúde Cruz Vermelha Portuguesa-Alto Tâmega poidan completar a súa formación teórica con formación práctica nos centros dependentes da área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

O Servizo Galego de Saúde, a través da Xerencia da área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, facilitará ao alumnado da Escola Superior de Saúde Cruz Vermelha Portuguesa - Alto Tâmega, a realización de prácticas de imaxe médica e radioterapia.

A Xerencia da área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras poñerá en coñecemento da Escola, o número de alumnos que pode acoller, así como as datas e horarios das prácticas, que se establecerán de forma que non se altere o normal funcionamento do establecemento.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

O Sistema Sanitario é unha organización baseada no coñecemento, prestadora de servizos e

multidisciplinar, caracterizada por unha notable complexidade organizativa e por un gran desenvolvemento científico e tecnolóxico.

A complexidade organizativa, a súa incesante innovación e incorporación de novas tecnoloxías e a heteroxeneidade dos recursos humanos cos que conta, fan que o ámbito sanitario permita aos estudantes de múltiples titulacións sanitarias e non sanitarias, enfrontarse a situacións reais de esixencia profesional, forxar a actitude e predisposición necesaria para a asunción das responsabilidades e facilitar a planificación dunha carreira profesional axustada aos seus intereses e capacidades.

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade desde a súa creación pola Lei 1/1989 do 2 de xaneiro, ten entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo, así como o desenvolvemento dos programas de docencia que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

A Escola Superior de Saúde Cruz Vermelha Portuguesa–Alto Tâmega é unha institución privada á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo da educación superior. Goza de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Entidade Instituidora Cruz Vermelha Portuguesa, e entre os seus fins prioritarios figuran, entre outros, a consecución das máximas cotas de calidade de docencia e o desenvolvemento de formación idónea, presencial ou non, para facilitar a aprendizaxe dos/as estudantes e a preparación para o exercicio de actividades profesionais.

A Escola Superior de Saúde Cruz Vermelha Portuguesa–Alto Tâmega ten a vontade de potenciar a realización de formación especializada e prácticas en centros, unidades e servizos integrados na Consellería de Sanidade ou no Servizo Galego de Saúde, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do seu alumnado.

En concreto a Escola Superior de Saúde Cruz Vermelha Portuguesa–Alto Tâmega desexa que o alumnado da titulación de licenciatura de Imaxe Médica e Radioterapia, realice prácticas nos centros e servizo do Servizo Galego de Saúde na área Sanitaria de Ourense Verín e O Barco de Valdeorras.

En consecuencia, estas Institucións, están interesadas en manter unha estreita colaboración dentro dos seus respectivos ámbitos e competencias, coa finalidade de completar a formación dos estudantes da titulación de Licenciatura en imaxe médica e radioterapia da Escola Superior de Saúde Cruz Vermelha Portuguesa-Alto Tâmega, coa realización das prácticas correspondentes ao seu plan de estudos. Dita titulación en España



corresponderíase coas de Técnico Superior en imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear e/o a de Técnico Superior en Radioterapia, ambas as pertencentes ao ámbito da Formación Profesional, non ao universitario.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

